



RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA PÓLA QUE SE ENCOMENDA A XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A. A REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS

1. A Consellería de Infraestruturas e Vivenda é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de infraestruturas, mobilidade e vivenda.

Segundo o establecido no Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Dirección Xeral de Mobilidade exercerá as funcións de impulso, xestión e coordinación das políticas atribuídas á consellería nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte.

Por outra parte, a empresa pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. constitúese coma unha sociedade anónima de nacionalidade española para a realización de actividades urbanísticas no territorio de Galicia.

A sociedade atópase adscrita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda e será tutelada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo nos termos previstos na lexislación aplicable.

Segundo os seus estatutos, Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. ten a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñen a consideración de medios propios. O encargo instrumentarase a través da correspondente encomenda de xestión nos termos establecidos no artigo 50 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. A Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que ten como obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa e a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e a mellora da xestión do sector público autonómico, regula baixo estes preceptos a colaboración no ámbito do sector público autonómico.





En concreto, o artigo 8 desta lei regula a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o cal a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Para estes efectos, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

O artigo 10 desta lei contempla, entre os instrumentos que articularán os principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas no ámbito interno do sector público autonómico, as encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas común, etc.

3. Pola súa parte, o artigo 10 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prevé a posibilidade de encargar a realización de tarefas a entidades de dereito privado que reúnan a condición de medio propio da Administración ou entidade pública encomendante mediante resolución unilateral.

Xestur, como xa se indicou con anterioridade, e de conformidade cos seus estatutos, ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñen a consideración de medios propios.

4. En base ao exposto, os traballos obxecto desta encomenda están excluídos do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, tal e como regulan os artigos 4.1.n) e 24.6 da mesma, rexendo para a súa xestión, como xa se indicou, a regulación contemplada na Lei 16/2010, do 17 de decembro, en concreto, nos seus artigos 10 e 47 e seguintes.





Por todo o anterior,

RESOLVO:

Encomendar a Xestión do solo de Galicia-Xestur, S.A. a realización de traballos técnicos para a Dirección Xeral de Mobilidade de conformidade coa memoria xustificativa, co prego de prescricións técnicas e co orzamento que acompañan á presente encomenda e conforme ás seguintes condicións:

1. Constitúe o obxecto da presente encomenda a realización dos traballos de apoio técnico á Dirección Xeral de Mobilidade no desenvolvemento daquelas tarefas nas que a experiencia acumulada por Xestur na execución de obras permita complementar o traballo de persoal da mencionada dirección xeral. En concreto, estas tarefas focalizaranse na revisión de estudos e proxectos, apoio técnico a estudos e plans, elaboración de informes de carácter técnico en materias da competencia desta dirección xeral, en especial as relacionadas co estado de estacións de autobús e marquesinas, así como nas direccións de obras competencia desta dirección xeral.
2. O traballo realizarase conforme ás indicacións da Dirección Xeral de Mobilidade.

Para tales efectos, procederase ao nomeamento dun director técnico por parte desta dirección xeral que exercerá a dirección e coordinación técnica no desenvolvemento das accións obxecto desta encomenda.

3. Xestión do Solo de Galicia-Xestur aportará o persoal técnico preciso para a execución dos traballos encomendados, persoal que dependerá exclusivamente de Xestur, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a entidade encomendante alca as anteditas relacións laborais.

Xestur aportará igualmente os medios que sexan necesarios e suficientes para a execución da encomenda, os cales quedarán adscritos de modo estable e exclusivo ao desenvolvemento dos traballos durante a vixencia da presente encomenda.

4. O prazo de execución será de 18 meses contados a partir da data de sinatura desta resolución, e poderá ser obxecto de prórroga mediante resolución do órgano encomendante aceptada por Xestur.



5. O importe total da realización das actividades obxecto da presente encomenda de xestión por parte de Xestión do Solo de Galicia-Xestur será de noventa e tres mil setecentos oitenta e un euros con trece céntimos (93.781,13 €), tal e como se detalla no orzamento que acompaña a presente encomenda, elaborado conforme ao establecido no artigo 50 da Lei 16/2010, de 17 de decembro.

6. No marco desta encomenda, corresponderanlle a Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. as funcións enumeradas no prego de condicións técnicas que integra este expediente.

Santiago de Compostela,

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda

PD. Orde 04/12/15 (DOG núm. 236, do 11/12/15)

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

(documento asinado dixitalmente)

Asinado por: MACHO, CANALES, JOAQUIN
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 12/06/2017 13:28:05

CVE: VMczziSDZ
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA A XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A. PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS

1. OBXECTO DO PREGO

O obxecto deste prego de prescricións técnicas é determinar o contido e alcance, así como fixar as condicións técnicas que rexerán nos traballos derivados da encomenda de xestión da Consellería de Infraestruturas e Vivenda a Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., para a realización de traballos técnicos.

2. ALCANCE E DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS OBXECTO DESTA ENCOMENDA

Constitúe o obxecto da presente encomenda a realización dos traballos de apoio técnico á Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, no desenvolvemento daquelas tarefas nas que a experiencia acumulada por Xestur na execución de obras permita complementar o traballo de persoal da mencionada dirección xeral. En concreto, estas tarefas focalizaranse na revisión de estudos e proxectos, apoio técnico a estudos e plans, elaboración de informes de carácter técnico en materias da competencia desta dirección xeral, en especial as relacionadas co estado de estacións de autobús e marquesinas, así como nas direccións de obras competencia desta dirección xeral.

3. OBRIGAS DAS PARTES

No desenvolvemento dos traballos obxecto desta encomenda, a Dirección Xeral de Mobilidade realizará as seguintes funcións:

1. exercer a dirección e coordinación técnica no desenvolvemento das accións obxecto desta encomenda, para o cal designarase a un director técnico.
2. subministrar e facilitar, a través do citado director técnico, toda aquela información que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto desta encomenda.





3. participar na realización dos documentos de requirimentos técnicos.
4. aboar os custos dos gastos nos que Xestur incorra no desenvolvemento da presente encomenda, segundo se especifica no orzamento que acompaña á documentación desta encomenda.

Pola súa banda, Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. realizará as seguintes tarefas:

1. designar a un xefe que asumirá a coordinación inmediata dos traballos e a dirección do persoal que Xestur asigne á realización dos mesmos; así mesmo, solventará, en coordinación co director técnico designado pola Dirección Xeral de Mobilidade, cantas cuestións se estimen oportunas e necesarias para o cumprimento desta encomenda; así, Xestur aportará a súa propia dirección e xestión no desenvolvemento dos traballos e será responsable na organización do servizo. Xestur será, a través da persoa encargada designada, responsable de impartir ao seu persoal as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de cómo distribuílo, así como de canalizar as posibles incidencias que xurdan na execución dos traballos.
2. manter á Dirección Xeral de Mobilidade puntualmente informada do desenvolvemento dos traballos, facilitando ao director técnico toda a información que solicite ao respecto.
3. achegar os medios dispoñibles de Xestur que sexan necesarios e suficientes para a execución da encomenda, os cales quedarán adscritos de modo estable e exclusivo ao desenvolvemento dos traballos durante a vixencia da presente encomenda.

4. MEDIOS NECESARIOS

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. dispón da estrutura e dos servizos técnicos suficientes para facerse responsable da organización e xestión dos traballos encomendados, así como da súa calidade técnica, para o que se compromete a aportar todo o persoal técnico preciso para a realización dos mesmos.

Este persoal dependerá exclusivamente de Xestur, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a entidade encomendante allea as anteditas relacións laborais.



Incumbe especificamente a Xestur o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

En consecuencia, a presente encomenda non leva consigo ningún tipo de relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades derivadas dos traballos encomendados e a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento dos mesmos.

5. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución será de 19 meses contados a partir do día indicado na correspondente orde de execución da encomenda dos traballos, e poderá ser obxecto de prórroga mediante resolución do órgano encomendante aceptada por Xestur.

6. FORMA DE PAGO DOS TRABALLOS

O aboamento dos traballos realizarase mediante pagos mensuais, segundo o orzamento que forma parte da documentación desta encomenda e logo da previa certificación emitida pola Dirección Xeral de Mobilidade. Nas certificacións, que deberán ser expedidas pola dirección da encomenda nomeada por esa dirección xeral, valoraranse os traballos realizados no mes ao que corresponda o pago.

Santiago de Compostela,

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda

P.D. Orde 04/12/15 (DOG núm. 236, do 11/12/15)

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

(documento asinado dixitalmente)





ORZAMENTO DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA A XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A. PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS.

O presente orzamento corresponde á encomenda de xestión da Consellería de Infraestruturas e Vivenda a Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., para a realización de traballos técnicos.

No momento actual Xestión do solo de Galicia-Xestur, S.A. non ten aprobadas as súas tarifas de acordo co procedemento establecido no artigo 50 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Este mesmo artigo, e de xeito excepcional, permite que, mentres non se aprobe o indicado sistema de tarifas, estas sexan fixadas para cada encomenda pola consellería ou polo departamento aos que estea adscrita a entidade ou que teñan atribuída a súa tutela funcional, dentro duns límites contemplados no artigo 50.2, e contando co informe favorable da Consellería de Facenda.

Segundo os seus estatutos, esta sociedade atópase adscrita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda e será tutelada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo nos termos previstos na lexislación aplicable.

Con data 31/05/2017, a Consellería de Facenda informou favorablemente as tarifas fixadas polo IGVS para esta encomenda. En base as citadas tarifas, o orzamento para a realización dos traballos obxecto desta encomenda ascende a noventa e tres mil setecentos oitenta e un euros con trece céntimos (93.781,13 €), tendo en conta que para a realización desta encomenda é necesaria a realización de 2.497,5 horas de traballo dun técnico do Grupo I-xefe/a de departamento, non sendo necesario ningún outro custe, quedando configurado co seguinte detalle:

TIPO DE PERSOAL	HORAS	TARIFA	IMPORTE
GRUPO I // XEFE-A DE DEPARTAMENTO	2497,5	37,55	93781,13
TOTAL			93781,13

Santiago de Compostela,

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda

PD. Orde 04/12/15 (DOG núm. 236, do 11/12/15)

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

(documento asinado dixitalmente)





MEMORIA COMPLEMENTARIA SOBRE A ENCOMENDA DE XESTIÓN DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA A XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A. PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS.

Ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda determinou a oportunidade de realizar unha encomenda de xestión a Xestión do solo de Galicia-Xestur, S.A. cuxo obxecto consistirá na realización de traballos de apoio técnico á Dirección Xeral de Mobilidade desta consellería no desenvolvemento daquelas tarefas nas que a experiencia acumulada por Xestur na execución de obras permita complementar o traballo de persoal da citada dirección xeral. En concreto, estas tarefas focalizaranse na revisión de estudos e proxectos, apoio técnico a estudos e plans, elaboración de informes de carácter técnico en materias da competencia desta dirección xeral, en especial as relacionadas co estado de estacións de autobús e marquesinas, así como nas direccións de obras competencia desta dirección xeral.

A tal efecto, o 08/05/2017 foron asinados a correspondente memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas.

Tal e como establece o artigo 50 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, e posto que no momento actual Xestión do solo de Galicia-Xestur, S.A. non ten aprobadas as súas tarifas de acordo con este artigo, a citada lei permite que, de xeito excepcional, mentres non se probe o indicado sistema de tarifas, estas sexan fixadas para cada encomenda pola consellería ou polo departamento aos que estea adscrita a entidade ou que teñan atribuída a súa tutela funcional, dentro duns límites contemplados no artigo 50.2, e contando co informe favorable da Consellería de Facenda.

Con este obxectivo, o 08/05/2017 foi solicitado informe á Consellería de Facenda sobre as tarifas fixadas para esta encomenda polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, xa que, segundo os seus estatutos, Xestur atópase adscrita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda e será tutelada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo nos termos previstos na lexislación aplicable.





O 11/05/2017 a Subdirección Xeral de Custos de Persoal da Consellería de Facenda remitiu á Vicesecretaría Xeral da Consellería de Infraestruturas e Vivenda un escrito en relación con esta solicitude no que facía unha serie de observacións e solicitaba aclaracións sobre as mesmas.

É por isto que, en base a esas observacións, procedeuse á revisión do expediente e á redacción desta memoria complementaria, onde se realiza a corrección nos puntos necesarios da memoria explicativa e prego de prescripcións técnicas de 08/05/2017 para a súa adecuación ás mesmas.

Así, a referencia feita ao orzamento, no punto 5 da citada memoria explicativa, deberá substituírse polo seguinte:

5. ORZAMENTO

O orzamento de execución dos traballos obxecto desta encomenda será de noventa e tres mil setecentos oitenta e un euros con trece céntimos (93.781,13 €), tendo en conta que para a realización desta encomenda é necesaria a realización de 2.497,5 horas de traballo dun técnico do Grupo I-xefe/a de departamento, non sendo necesario ningún outro custe, quedando configurado co seguinte detalle:

TIPO DE PERSOAL	HORAS	TARIFA	IMPORTE
GRUPO I // XEFE-A DE DEPARTAMENTO	2497,5	37,55	93781,13
TOTAL			93781,13

Así mesmo, as referencias relativas ao prazo de execución de 19 meses, deberán entenderse substituídas por 18 meses.

Santiago de Compostela,

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda

PD. Orde 04/12/15 (DOG núm. 236, do 11/12/15)

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

(documento asinado dixitalmente)

